

PAU 2025
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Pregunta 1. Reflexión crítica de fontes de información (2,5 puntos)

A configuración do imperio español no século XVI.

Identificación das informacións erróneas (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

“A rebelión de Portugal foi o principal conflito peninsular, provocado pola implantación en territorio luso das institucións e leis de Castela”.

Erro 2:

“A Gran Armada debía achegarse a Escocia para apoiar un levantamento contra os ingleses, o que permitiría o desembarco das tropas españolas e o seu avance cara a Londres.”

Explicar os erros detectados (ata 1,5 puntos):

Argumentos explicativos do erro 1:

-En tempos de Filipe II non tivo lugar a rebelión de Portugal senón a súa incorporación á monarquía hispánica (Unión Ibérica)

-Un dos principais conflitos do reinado de Filipe II foi a rebelión de Flandres, non a de Portugal

-A rebelión de Portugal produciuse en tempos de Filipe IV e o Conde-duque de Olivares.

-Para lograr ser recoñecido como rei, Filipe II prometeu respectar as leis e institucións portuguesas.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita varios argumentos e/ou, desenvolve con certa profundidade un deles.

Argumentos explicativos do erro 2:

-A Gran Armada previa recalar en Flandres para incorporar aos Terzos na invasión de Inglaterra.

-A operación militar fracasou debido ás malas decisións do seu comandante e aos temporais.

-O enfrontamento con Inglaterra foi consecuencia da política anticatólica da raíña e do seu apoio ao corsarismo para desgastar a monarquía hispánica.

Ademais das opcións propostas, valoraranse positivamente calquera outra coherentemente razoada e axustada ao contido da pregunta.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita varios argumentos e/ou, desenvolve con certa profundidade un deles.

Redacción correcta dos erros (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

A incorporación de Portugal foi un dos principais logros do reinado, favorecido polo mantemento das institucións e leis lusas.

Erro 2:

A gran Armada debía achegarse aos Países Baixos para recoller aos terzos españois, o que permitiría o seu desembarco e avance cara a Londres.

Ademais das opcións propostas valorarase positivamente calquera outra coherentemente redactada que se axuste a algún dos argumentos dados polo alumnado no apartado anterior.

Pregunta 2. Análise comparativa (2,5 puntos)

2.1. Comparar as características do Sexenio Absolutista e o Trienio Liberal do reinado de Fernando VII:

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: -Durante o Sexenio, Fernando VII goberna segundo os principios do absolutismo mentres que no Trienio impuxéronse os principios básicos do liberalismo político. -Contextualizar ambas etapas no reinado de Fernando VII -Facer referencia á inestabilidade política característica en ambos períodos. -No Sexenio, o rei contou co apoio dos deputados servís ou realistas das Cortes de Cádiz, a nobreza, o clero...; os gobernos do Trienio foron apoiados polos sectores da burguesía, funcionarios, militares e intelectuais progresistas. -No Sexenio, o contexto internacional era favorable ao restablecemento do absolutismo; no Trienio dito contexto era adverso (Santa Alianza). Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas, e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Para a obtención da máxima puntuación nesta pregunta, o alumnado debe redactar a resposta como unha comparación (independentemente da súa estrutura) non como unha pregunta tema tradicional.

2.2. Comparar as características do Directorio Militar e o Directorio Civil da ditadura de Primo de Rivera:

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: -O goberno do Directorio Militar estivo constituído unicamente por militares mentres que o Directorio Civil estaba formado maioritariamente por civís. -O Directorio Militar presentouse como transitorio; o Civil pretendía consolidar a ditadura. -En ambas etapas o ditador contou co apoio do monarca, a banca, a Igrexa, o sector empresarial e agrícola; tampouco se lle enfrontaron a UXT e o PSOE. -Os dous períodos comparten trazos como o autoritarismo, a desaparición do sistema parlamentario, a supresión de dereitos e liberdades. -Os dous Directorios mantiveron a ilegalización dos partidos políticos e a represión da oposición. -Os obxectivos principais do Directorio Militar eran restaurar a orde, acabar coa corrupción e resolver o problema de Marrocos; os do Directorio militar eran establecer un réxime corporativo, reactivar a economía e mellorar o benestar das clases medias e populares (Política Social). -O Directorio militar apenas tivo oposición; no Directorio Civil a ditadura comeza a perder apoios e aumentan as críticas. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Para a obtención da máxima puntuación nesta pregunta, o alumnado debe redactar a resposta como unha comparación (independentemente da súa estrutura) non como unha pregunta tema tradicional.

3. Comentario de texto histórico (ata 2,5 puntos)

3.1. A política española segundo Benito Pérez Galdós (1884)

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. -O texto/autor critica o sistema electoral da Restauración. -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5 -O texto/autor denuncia diferentes estratexias de fraude electoral aplicadas no réxime da Restauración / a corrupción e falsa democracia do sistema político canovista.
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situar na súa etapa histórica: ata 0,2 Restauración Borbónica -Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 Restauración Borbónica (1874-1902) / Reinado de Afonso XII e Rexencia de María Cristina de Habsburgo -Etapa histórica+cronoloxía precisa+ autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5 Restauración Borbónica (1874-1902). O literato Perez Galdós ofrece unha mirada crítica do sistema caciquil e corrupto que caracterizaba a vida política da Restauración.
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 -Explicación xenérica do sistema electoral da Restauración -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1 -Explicación detallada do funcionamento do sistema electoral: proceso electoral, métodos de fraude, caciquismo, pucheirazo, encaixado (encasillado) -Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5 -Ademais do esixido no punto anterior, refírense os obxectivos do sistema bipartidista implantado neste período / faise unha valoración da relevancia do mesmo / profundízase na análise e uso do documento

3.2. Editorial do diario *Arriba* (1 de outubro de 1949)

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. -O texto/autor apoia a Lei de Sucesión -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5 -O texto/autor dá argumentos para votar a favor da Lei de Sucesión no referendo sobre a mesma.
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situar na súa etapa histórica: ata 0,2 Franquismo

	-Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 Franquismo (1939-1975) -Etapa histórica+cronoloxía precisa+ autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5 Franquismo (1939-1975). O documento evidencia a identificación entre a Igrexa católica e a Ditadura Franquista.
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 Xeneralidades sobre as características e/ou institucionalización do réxime franquista. -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1 Explicación dos principios ideolóxicos do franquismo visibles no texto e do proceso de institucionalización do réxime (Leis fundamentais) -Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5 Ademais do esixido no punto anterior, faise fincapé no papel xogado pola Igrexa como lexitimadora e piar do réxime / relaciónase a promulgación das leis de Referendo e de Sucesión co contexto internacional e segundo as necesidades e a evolución do réxime (para outorgarlle un carácter “constitucional”) / profundízase na análise e uso do documento no comentario.

4. Comentario de táboas de datos (2,5 puntos)

4.1. Propietarios e valor dos bens desamortizados entre 1836 e 1867 (en millóns de reais):

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 -Resultados das desamortizacións levadas a cabo en España entre 1836 e 1867. -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0, 5 -Institucións afectadas e ingresos obtidos a raíz das desamortizacións de Mendizábal, Espartero e Madoz. -Obsérvase que no primeiro período os bens afectados só son eclesiásticos e nas seguintes fases exprópanse inmobles de institucións civís. -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1 -Ademais do sinalado no apartado anterior, incídese no feito de que a primeira etapa afecta exclusivamente ao clero mentres que a segunda
---	---

	repercute especialmente nos concellos. -Ademais do sinalado no apartado anterior, valórase/ conclúese que o sector máis afectado foi o eclesiástico e o menos a beneficencia.
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos -Mención xenérica dos obxectivos, bens afectados e resultados das desamortizacións. -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto. -Explicación dos obxectivos concretos perseguidos polas diferentes desamortizacións, das características específicas dos bens afectados en cada unha delas, dos resultados das mesmas a nivel político, económico, social, cultural, etc.

4.2. Incrementos de produción de produtos metálicos (1960-1973):

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 -Aumento da produción de bens metálicos en España no Franquismo. -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0, 5 -Aumento da produción de bens de equipo e de bens de consumo entre 1960 e 1973, salientando especialmente o incremento dos produtos domésticos: neveiras, lavadoras e televisores. -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1 -Ademais do sinalado no apartado anterior, destácase o incremento exponencial das neveiras, produto que tiña un menor peso de partida (1960). -Ademais do sinalado no apartado anterior ,valórase/conclúese o cambio nos hábitos de consumo da sociedade española.
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos -Mención xenérica á política económica do desenvolvementismo (“desarrollismo”): obxectivos e resultados. -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto.

	-Explicación dos obxectivos concretos, as liñas mestras do programa económico aplicado, as medidas específicas desenvolvidas e dos resultados do chamado “milagre español” / comentario do xurdimento da sociedade de consumo e do balance da evolución económica: país industrializado pero non desenvolvido.
--	--

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas, de forma global, ata un máximo de 1 punto.